O que se notifica para os efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 10 de agosto de 2022.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019.- O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón -O SECRETARIO P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 2324

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 10/08/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/10/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de agosto de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2326

## BURELA

### *Anuncio*

#### **EXPEDIENTES 1254/2022 E 1255/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2022.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 10 de agosto de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.917,29 €, correspondendo 992,40 € a libre concorrencia e 6.924,89 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de agosto de 2022.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 2327

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de agosto de 2022 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgozo do Courel, 10 de agosto de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2328

## LÁNCARA

### *Anuncio*

De conformidade co decreto de 29 de xullo de 2022 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2022 para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego”:

- 2 Oficial 1ª albanel (6 meses)
- 4 Peóns de servizos múltiples (6 meses)
- 1 Oficial Palista (6 meses)
- 1 Oficial Tractorista (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 16 de agosto de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2335

## LUGO

### *Anuncio*

O Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial, en substitución da Ilma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, en virtude de delegación por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local do 17 de xullo de 2019

ditou o Decreto número 8000/2022, polo que se aproba o padrón de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos do exercicio 2022, e o Decreto número 8004/2022, polo que se aproba o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o ano 2022.

Conforme ao disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ao público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de Alcaldesa Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo 10 de agosto de 2022.- Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial, Miguel Fernández Méndez, en substitución da Ilma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos, Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 2329



**MONDOÑEDO***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2022 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 4º BIMESTRE E DA TAXA POLOMANTEMENTO DO CEMITERIO DO 2022**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ao cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de setembro ao 31 de outubro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 12 de agosto de 2022.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 2325

**PALAS DE REI***Anuncio*

Trámite de información pública da Conta Xeral

**Documento:** Conta Xeral do Orzamento exercicio 2021.

**Resolución:** Acordo da Comisión Especial de Contas do 11/08/2022.

**Obxecto:** Consulta e presentación de alegacións polos interesados lexítimos.

**Prazo:** 15 días a contar desde o seguinte ao da publicación no BOP Lugo.

**Efectos:** Informadas as eventuais reclamacións someterase a Conta Xeral á aprobación do Pleno.

**Normativa invocada:** O artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 12 de agosto de 2022.- O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira.

R. 2330

**SARRIA***Anuncio*

**Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **segundo trimestre de 2022**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba

o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de Xullo de 2022, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, a 12 de Agosto de 2022.- O ALCALDE, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2331

## TABOADA

### Anuncio

#### **ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DO 2022.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao 2º trimestre do 2022, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data 11 DE AGOSTO de 2022.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

***Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.***

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 2º trimestre de 2022 dende o día 24 DE AGOSOTO 2022 ao 24 DE OUTUBRO de 2022 ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de présa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano

económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada a 11 de agosto de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2332

## VILALBA

### Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno do Excmo. Concello de Vilalba, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2022, de aprobación inicial da modificación da **Ordenanza fiscal núm. 21 reguladora do prezo público pola prestación do servizo da escola infantil municipal do Concello de Vilalba** (Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 143, de 23 de xuño de 2022), insertándose de seguido o texto íntegro da modificación en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, procede a súa inserción no Portal de Transparencia da sede electrónica deste Concello [<https://vilalba.sedelectronica.es>], no Indicador 2.2 (Ordenanzas, Regulamentos e Prezos Públicos), en versión consolidada do texto completo.

En Vilalba, a 10 de agosto de 2022. A Alcaldesa, Dona María Elba Veleiro Fernández.

### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 21 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILALBA. EXPTE. 1444/2020.**

#### **“ANEXO – Tarifas**

##### **1.- Prezo da atención educativa:**

*O prezo pola atención educativa en xornada completa na escola infantil 0-3 dependente do Concello de VILALBA fíxase en 169,26 € mensuais.*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:*

- *Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 0,00€; sen servizo de comedor 0€.*
- *Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45€; sen servizo de comedor 0,00€.*
- *Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36€; sen servizo de comedor 34,91€.*
- *Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26€; sen servizo de comedor 69,81€.*
- *Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15€; sen servizo de comedor 112,13€.*
- *Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18€; sen servizo de comedor 133,29€.*
- *Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52€; sen servizo de comedor 147,05€.*
- *Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31€; sen servizo de comedor 169,26€.*

##### **2.- Prezo dos servizos complementarios:**

- *Servizo de comedor: fíxase un importe de 74,05 euros mensuais. Para o caso dos/as nenos/as que non empreguen habitualmente o servizo e que desexen utilizalo algún día con carácter suelto aboarán a contía de 4,23 euros por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.*
- *Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incrementa o horario normal será de 21,16 euros. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.*
- *Servizo de merenda: fíxase en 1 euro por día.*

**3.- Bonificacións:**

- *Terán unha bonificación do 100% na atención educativa todos os nenos e nenas matriculados na escola con independencia do número de irmáns, nos termos previstos no apartado 7 da disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 e decembro, de servizos sociais de Galicia.*

Vilalba, a 10 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, Dona María Elba Veleiro Fernández.

R. 2333

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

<b>EXPEDIENTE</b>	:	<b>V/27/00054C-1</b>
<b>PETICIONARIO</b>	:	Ayuntamiento de Rábade
<b>VERTIDO</b>	:	
<b>DENOMINACIÓN</b>	:	Núcleo y Polígono Industrial de Rábade
<b>LOCALIDAD</b>	:	Rábade
<b>TÉR.M. MUNICIPAL</b>	:	Rábade
<b>PROVINCIA</b>	:	Lugo
<b>RÍO/CUENCA</b>	:	Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Núcleo y Polígono Industrial de Rábade" - " Ayuntamiento de Rábade", con un volumen máximo anual de 950.000 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Pretratamiento con reja de gruesos y finos.
- Desarenador y arqueta de recogida de grasas.
- Reactor biológico y decantación secundaria.
- Recirculación de fangos, espesador de fangos por gravedad.
- Deshidratación en filtro banda.
- Arqueta de control de vertidos.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 12 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2334